

## Arrecifes artificiais de El Campello.

A protección natural das costas de El Campello, así como de boa parte do litoral mediterráneo, son as pradarias de Posidonia.

Entre as matas desta pranta atopan refuxio e alimento moitas especies animais, sobre todo peixes. Así, cando desaparecen as pradarias de fanerógamas, o fondo mariño convírtese, progresivamente, nun erial.

A instalación de bloques de formigón, con diferentes formas e tamaños, tenta paliar e reverter esa situación.

Estas pezas conforman arrecifes artificiais que desempeñan diversas funcións; algúns estan deseñados para frear o bater das ondas; outros actúan como refuxios e lugares de desova, de xeito que os peixes acoden alá onde os bloques son depositados.

Pero o obxectivo principal destes arrecifes artificiais é o de disuadir aos arrastreiros de levar a cabo prácticas ilegais menos de 50 metros de profundidade.

As redes de arrastre, ademáis de non discriminar as especies e o tamaño dos peixes, arrincan as prantas e teñen un efecto devastador nas fráxiles pradarias, e, por conseguinte, sobre todos os organismos que viven nelas.

Os arrecifes artificiais son un sistema de protección habitual en toda a costa española, polo que se apostou na Comunidade Valenciana e, especialmente, en Alicante.

Pero os arrecifes formados por bloques de formigón desempeñan unha función engadida nas zonas onde xa foi destruído o hábitat idóneo para moitas especies.

Malia se tratar de construcións artificiais, o formigón, a base dos arrecifes, é un material óptimo para ser colonizado por moitos epífitos, como algas e esponxas.

A velocidade de colonización e as especies que toman posesión do novo asentamento son rexistradas coidadosamente para coñecer ben a dinámica destes arrecifes artificiais.

Aos poucos días, comezan a aparecer epífitos e especies bentónicas que acoden alá onde hai alimento; a cobertura total será máis ou menos rápida en función das condicións físico-químicas da zona, é dicir, como se tratara de sustratos naturais. Cada vez, a biocenose volverase máis diversa e complexa.

En pouco tempo, apenas é perceptible o formigón. As aristas dos bloques son agora arredondadas e a superficie ten textura orgánica. Coa envoltura das redes tróficas, apenas se detecta a súa natureza mineral. A vida xa se apoderou dos arrecifes.